

Tendo en conta o informe proposta de data 22/11/2022 e que literalmente di:

“A Concellería de Muller e Igualdade organiza como en anos anteriores os campamentos urbanos e rurais do Nadal 2022/2023 durante os días 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2022 e os días 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2023.

O obxecto dos campamentos é apoiar ás familias na atención aos seus fillos en idade escolar durante os períodos vacacionais ademais de sensibilizar e fomentar un cambio de mentalidade e de valores de acordo co principio de igualdade entre homes e mulleres.

As prazas de campamentos para Nadal son as seguintes:

Campamentos rurais:

30 prazas

Campamentos urbanos:

70 prazas (40 no CEIP de Ponzos e 30 no CEIP de Recimil)

Os campamentos rurais levaranse a cabo no local da AVV de Esmelle e os urbanos nos CEIP de Recimil e Ponzos.

O servizo prestarase de luns a venres, agás festivos, nos seguintes horarios:

- Horario ordinario: De 9:30h a 13:30h
- Horario ampliado: De 8:30h a 14:30h

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello,(Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O requisito imprescindible é que o/a menor estea empadroado no Concello de Ferrol, agás os/as menores derivados da Casa de Acollida Municipal.

As solicitudes seguirán unha rigorosa orde de inscrición, e de acordo cos criterios de preferencia que se relacionan a continuación:

Primeiro: Familia monoparental empregado/a ou realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

Segundo: Dous proxenitores ou titores/as legais empregados/as ou realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

Terceiro: Un/unha proxenitor/a ou titor/a legal empregado/a ou realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

Cuarto: Outras situacións non recollidas nos puntos anteriores que se estudarán con carácter individual.

Cando haxa empates, empregarase o criterio de rigorosa orde de inscrición.

Para documentar as situacións anteriores, solicitarase a seguinte documentación:

- DNI do/a solicitante.
- Solicitud (Anexo I)
- Formulario de saúde (Anexo II)
- Autorización cesión de imaxe e saídas programadas (Anexo III).
- Informe da vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos.
- Fotocopia do libro de familia ou documento oficial que acredite a composición da unidade familiar.
- Xustificante de estar realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

O programa está dirixido a menores con idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos. Deben ter os 3 anos cumpridos o 26 de decembro de 2022 e non cumprir os 14 anos antes do 6 de xaneiro de 2023.

O prazo para solicitar a inscrición en ditos campamentos será dende o 25 de novembro ao 12 de decembro, ambos incluídos.

Polo exposto, propónselle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a realización dos campamentos rurais e urbanos Nadal 2022/2023 durante os días 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2022 e os días 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2023.

**Segundo.-** A aprobación do prazo de inscrición dende o 25 de novembro ao 12 de decembro, ambos incluídos.

**Terceiro.-** Aprobar os criterios que fixan a orde de preferencia para a participación nos campamentos.

**Cuarto.-** Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal.”

**Decreto:** Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

O manda e asina a Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, en virtude da Resolución da Alcaldía do día 08/07/2019 (BOP número 137 de 22/07/2019) no Concello de Ferrol o día da data da sinatura electrónica.

A concelleira delegada,

Dou fe,  
O secretario/a xeral